

# Continua a caída da actividade económica en Galicia.

Os datos do segundo trimestre de 2009 da Contabilidade Trimestral de Galicia, poñen de manifesto que a caída da actividade económica na nosa comunidade non acaba de tocar fondo; se ben é certo que non é o mesmo a evolución deste indicador trimestral que interanual, tanto nun caso como noutro, os valores son negativos; no caso trimestral a caída relantízase, mentres que con respecto os mesmo período do ano anterior, o descenso do PIB é moito maior.

Se comezamos pola análise trimestral, os datos son os seguintes.

Evolución con respecto ó trimestre anterior.

trimestral		2008/I	2008/II	2008/III	2008/IV	2009/I	2009/II
<b>PIBpm</b>		<b>0,5</b>	<b>0,1</b>	<b>0,0</b>	<b>-0,3</b>	<b>-1,9</b>	<b>-0,9</b>
<b>Oferta</b>							
VEB. Ramas agraria e pesqueira		-3,4	-0,9	3,0	-1,9	0,7	0,4
VEB. Ramas enerxéticas		-4,6	5,4	0,3	-2,1	-2,3	-3,7
VEB. Ramas industriais		1,2	-1,6	-0,7	-6,2	-7,6	-1,7
VEB. Construción		-0,8	-1,3	-1,1	-1,5	-1,1	-1,1
VEB. Servizos de mercado		0,9	1,0	0,5	0,0	-1,0	-0,7
VEB. Servizos non de mercado		0,4	2,0	0,8	2,0	1,0	1,3
Impostos netos sobre produtos		2,2	0,2	-0,2	0,6	-1,7	-1,3
<b>Demanda</b>							
Gasto en consumo final		0,9	0,4	0,2	0,1	-0,1	-0,2
Gasto dos fogares		0,7	0,0	-0,3	-0,3	-0,5	-0,6
Gastos das AA.PP. e ISFLSF		1,4	1,7	1,9	1,4	1,3	1,0
Formación bruta de capital		0,5	-2,0	-3,3	-3,6	-2,9	-1,1
Exportación de bens e servizos		5,9	-4,1	-3,8	-4,4	-3,9	-1,9
Importación de bens e servizos		5,2	-4,0	-4,4	-4,7	-2,0	-1,0

Fonte: Contabilidade trimestral. IGE.

A pesar da moderación da caída neste último trimestre, o certo é que estamos inmersos nunha grave situación económica, no segundo trimestre de 2009, o PIB descendeu un 0,9% con respecto o primeiro trimestre do mesmo ano, co cal a pesar de que no trimestre anterior a caída fora do 1,9%,; o dato non é nada desprezable.

Desde o lado da oferta, continúan sendo as actividades relacionadas coa industria e a enerxía, as máis afectadas pola crise que estamos atravesando, a pesar de que neste trimestre se desacelerou a caída.

O sector da construción, o primeiro onde se manifestou a crise, continua co descenso en termos moi semellantes os trimestres anteriores, polo que de

momento todo indica que non tocou fondo, xa que neste trimestre xa está contabilizado parte do obra pública financiada a través do chamado “Plan E”, senón probablemente o descenso fora moito maior.

Pola lado da demanda, a caída do consumo é manifesta, tanto se analizamos o gasto interno como as importacións. O descenso do gasto das familias continúa nunha traxectoria ascendente (caeu un -0,6% con respecto ó primeiro trimestre), o que mantén a caída do consumo total en termos relativamente módicos, é o consumo público, o cal, aínda que decrecendo mantense en termos positivos.

A caída das importacións, outro indicador do descenso do consumo, tamén se ralentizou neste último trimestre, aínda así descendeu un 1% con respecto ó anterior.

No que atinxe as exportacións, están descendendo moito máis que as importacións no que vai de ano, co cal previsiblemente rematemos o ano cunha aportación negativa da demanda externa ó PIB.

Se en vez de analizar os datos trimestrais, analizamos os interanuais, o resultado é aínda máis negativo.

#### PIB. Taxa de variación interanual.

	2008/I	2008/II	2008/II	2008/IV	2009/I	2009/II
			I			
<b>PIBpm</b>	<b>3,1</b>	<b>2,5</b>	<b>1,4</b>	<b>0,3</b>	<b>-2,1</b>	<b>-3,2</b>
<b>Demanda</b>						
Gasto en consumo final	2,9	2,2	1,7	1,6	0,6	0,1
Gasto dos fogares	2,7	1,5	0,5	0,2	-1,0	-1,6
Gastos das AA.PP. e ISFLSF	3,7	4,8	5,9	6,5	6,4	5,7
Formación bruta de capital	2,9	0,8	-3,8	-8,2	-11,4	-10,5
Exportación de bens e servizos	5,9	1,9	-3,1	-6,6	-15,3	-13,4
Importación de bens e servizos	5,1	0,9	-4,4	-8,0	-14,2	-11,5
<b>Oferta</b>						
VEB. Ramas agraria e pesqueira	2,5	-2,9	-0,5	-3,3	0,9	2,2
VEB. Ramas enerxéticas	-8,2	-0,1	1,6	-1,4	1,0	-7,7
VEB. Ramas industriais	2,3	0,3	-1,5	-7,3	-15,3	-15,4
VEB. Construción	4,2	1,8	-2,1	-4,6	-4,8	-4,6
VEB. Servizos de mercado	4,0	4,0	3,4	2,4	0,5	-1,2
VEB. Servizos non de mercado	5,6	4,8	4,9	5,2	5,9	5,1
Impostos netos sobre os produtos	3,6	2,6	-5,5	2,8	-1,2	-2,7

Fonte: Contabilidade trimestral. IGE.

Con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior, o descenso é do 3,2%, importante caída, que se explica, desde o lado da demanda, polo forte descenso da demanda externa e da inversión. A demanda interna, globalmente, mantense positiva grazas ó gasto das administracións públicas, xa que o consumo das familias cae un 1,6%, 6 décimas máis que no trimestre anterior.

A inversión e a demanda externa, tanto as exportacións como as importacións, xa levan un ano de forte caída interanual; neste caso, e o contrario que no consumo interno, no último trimestre o descenso foi menor que no anterior.

En consonancia co anterior, no lado da oferta os peores resultados rexístranse no sector industrial seguido da construción; o sector servizos incorpórase por primeira vez neste trimestre ó saldo negativo.

Os datos do sector da construción son “incomprensibles”; a saber, tanto indicadores de edificación, como de licencias de obra, de compra e venda de vivendas..., así como o descenso da ocupación no sector un 18,3% no último ano, non se corresponden cun descenso do 4,6% da actividade neste sector no último ano ( a caída da actividade no sector industrial foi do -15,4%). Todo indica que cando se publiquen estes datos definitivos (de momento son provisionais),vai haber unha revisión á baixa deste indicador.

En resumo, a crise afectou en primeiro lugar o sector industrial e da construción, o que se reflectiu nunha forte caída na inversión e na demanda externa, que tanto nun caso como noutro atenuaron lixeiramente a caída neste último trimestre; pola contra, o consumo interno, especialmente o gasto das familias ou fogares, que entrou máis tarde en números vermellos, está comezando nunha forte caída, por outro lado algo previsible, xa que nos primeiros meses da crise, a maioría dos traballadores que quedan sen emprego, contan con algún tipo de prestación pública, que a medida que pasa o tempo se vai reducindo ate desaparecer, é neste momento cando o consumo das familias se resenten máis.

## Mercado laboral.

No que atinxe á variación do mercado de traballo, no que respecta a ocupación, prodúcese a mesma tendencia que no caso do PIB, continúa o descenso pero máis atenuado con respecto ó trimestre anterior, en cambio moi acusado a nivel interanual.

Evolución dos ocupados en Galicia segundo sector económico.

	2008/II	2009/I	2009/II	Variación porcentual	
				Trimestra I	Interanual
<b>Galicia</b>					
Total	1.200,80	1.168,50	1.147,40	-1,8	-4,4
Agricultura e pesca	91,3	92,6	92,5	-0,1	1,3
Industria	220,7	208,4	196,8	-5,6	-10,8
Construción	140,5	112,4	114,7	2,0	-18,4
Servizos	748,3	755,1	743,4	-1,5	-0,7

Fonte: EPA. INE.

Globalmente perdéronse 21.100 postos de traballo no segundo trimestre deste ano, fronte ós 26.600 do trimestre anterior.

Novamente convén recordar que en Galicia, é moito máis preocupante a situación do sector industrial que o da construción, a perda de emprego neste último trimestre foi do 5,6%, cando no trimestre anterior descendera un 0,6%. Con respecto o mesmo período do ano anterior a perda de emprego afectou a un 10,8% dos activos deste sector.

Pola contra a construción, neste segundo trimestre aumentou a ocupación nun 2%, aínda que efectivamente é algo conxuntural, debido fundamentalmente os efectos do Plan E, os datos de momentos son os que son. A nivel interanual o descenso si é moi acusado.

O sector servizos, o que ocupa o maior volume de poboación en Galicia, tamén perde emprego, un 1,5% con respecto ó primeiro trimestre de 2009; tamén a nivel interanual é negativo por primeira vez.

É importante coñecer cales son as actividades que están máis castigadas polo crise.

#### Evolución da ocupación por ramas de actividade.

	2008/II	2009/I	2009/II	variación	
				trimestral	Interanual
	1.200,80	1.168,50	1.147,40	-1,8	-4,4
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	64,5	68,3	69,6	1,9	7,9
Pesca e acuicultura	26,7	24,3	22,9	-5,8	-14,2
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	46,6	42,3	43,7	3,3	-6,2
Industria téxtil, do coiro e do calzado	24,1	21	19,4	-7,6	-19,5
Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	12,9	13,3	11,7	-12,0	-9,3
Industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	4,6	8,1	6,3	-22,2	37,0
Industrias extractivas, refinación de petróleo, fabricación de produtos farmacéuticos, de caucho e plásticos, doutros produtos minerais non metálicos, de produtos metálicos, metalurxia, enerxía, gas e auga	72,8	65,2	60,7	-6,9	-16,6
Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	59,7	58,5	55	-6,0	-7,9
Construción	140,5	112,4	114,7	2,0	-18,4
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	31,4	29,1	24,8	-14,8	-21,0
Comercio por xunto e ao retalho	153,6	164,1	157,1	-4,3	2,3
Transporte e almacenamento	51,9	50,4	47,7	-5,4	-8,1
Hostalaría	76	64,9	69,1	6,5	-9,1
Información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretememento	36,7	41,4	41,6	0,5	13,4
Actividades financeiras e de seguros	26,4	24,4	26,7	9,4	1,1
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	42,4	48,9	44,6	-8,8	5,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	40,9	42,7	47,3	10,8	15,6
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	73,6	70,1	67,4	-3,9	-8,4
Educación	78,6	70,8	73,8	4,2	-6,1
Actividades sanitarias e de servizos sociais	78,1	77,7	78,6	1,2	0,6
Outros servizos	58,7	70,5	64,7	-8,2	10,2

Fonte: EPA. INE.

As actividades máis prexudicadas son o téxtil e as relacionadas coa construción e co automóbil.

Os traballadores que están quedando sen emprego son ou autónomos ou asalariados con contrato temporal.

Empresarios con ou sen asalariados.

	2008/II	2009/I	2009/II	variación	
				Trimestra I	Interanual
Total					
Empresarios sen asalariados	172,2	161	153,5	-4,7	-10,9
Empresarios con asalariados	87,8	85,4	88,9	4,1	1,3

Fonte: EPA. INE.

Asalariados segundo tipo de contrato.

	Asalariados			variación	
	2008/II	2009/I	2009/II	Trimestra I	Interanual
Total					
Total	917,3	905,9	892,7	-1,5	-2,7
Homes	512,2	483,5	474	-2,0	-7,5
Mulleres	405,1	422,4	418,6	-0,9	3,3
Contrato indefinido					
Total	630,4	657,2	658,6	0,2	4,5
Homes	361,8	358,4	361,7	0,9	0,0
Mulleres	268,6	298,8	296,9	-0,6	10,5
Contrato temporal					
Total	286,9	248,7	234	-5,9	-18,4
Homes	150,4	125,1	112,3	-10,2	-25,3
Mulleres	136,6	123,6	121,7	-1,5	-10,9

Fonte: EPA. INE.

O descenso dos autónomos é moi acusado, porcentualmente afecta máis que ós asalariados, feito moi ligado ó sector da construción.

A non renovación de contratos temporais perfílase como a primeira saída por parte dos empresarios ante a crise. Tal e como evidencian os datos anteriores, estase producindo unha forte redución dos mesmos, tan so no último trimestre a caída foi do 5,9%; en termos interanuais afectou ó 18.4% dos traballadores asalariados con contrato temporal.

Ante esta situación, a taxa de temporalidade descende por si mesma, sen plans nin axudas para reducila, así queda.

### Taxa de temporalidade

	2008/II	2009/I	2009/II
Total	31,3	27,5	26,2
Homes	29,4	25,9	23,7
Mulleres	33,7	29,3	29,1

Fonte: EPA. INE.

De media a redución foi de 5 puntos nun ano; neste contexto reduciuse máis entre os homes que entre as mulleres, debido, como xa se ten dito, ó ser en sectores máis masculinizados onde a crise está actuando con maior incidencia.

Ademais o descenso da ocupación afecta máis os homes que as mulleres. Os datos do cadro seguinte reflicten como o único emprego que se está creando é a tempo parcial e entre as mulleres.

### Ocupados segundo tipo de xornada.

	2009TII	2009TI	2008TII
<b>Ambos sexos</b>			
<b>Total</b>	1.147,40	1.168,50	1.200,80
<b>Xornada a tempo completo</b>	1.016,20	1.040,10	1.064,30
<b>Xornada a tempo parcial</b>	131,2	128,4	136,5
<b>Varóns</b>			
<b>Total</b>	622,5	637,7	679,8
<b>Xornada a tempo completo</b>	598,9	612,8	647,7
<b>Xornada a tempo parcial</b>	23,5	24,9	32,1
<b>Mulleres</b>			
<b>Total</b>	524,9	530,8	521
<b>Xornada a tempo completo</b>	417,2	427,3	416,7
<b>Xornada a tempo parcial</b>	107,7	103,5	104,4

Fonte: EPA. INE.

O incremento deste tipo de emprego ( tempo parcial e feminino) é outro indicador da crise, xa que ante a falla ou diminución de ingresos na unidade familiar, a muller acepta calquera tipo de traballo. Sen esquecer a economía mergullada ( neste caso cotizar menos horas das realmente traballadas), que prolifera como fungos en épocas de crise.

En consonancia con todo o anterior, a taxa de paro está aumentando exponencialmente. Os últimos datos son os seguintes.

### Taxa de paro

	Taxa de paro		
	2008/II	2009/I	2009/II

Total			
Total	8,3	12,2	12,9
Homes	6,4	11,4	12,3
Mulleres	10,7	13,2	13,7

Fonte: EPA. INE.

Aínda que a taxa de paro se incrementou tanto entre os homes como entre as mulleres, polo momento os homes están sufrindo con maior intensidade este problema, entre os mesmos, practicamente se duplicou no último ano.

En termos absolutos, estímase en 170.400 persoas sen emprego, un 56% máis que fai un ano. Non so aumentou fortemente o número de desempregados, senón tamén o período de duración do desemprego, tal e comose reflicte a continuación.

#### Parados segundo tempo a procura de emprego.

	2008/II	2009/I	2009/II	variación	
				Trimestra I	Interanual
Total	109,1	162,7	170,4	4,7	56,2
Menos de 6 meses	46,7	84,5	75,7	-10,4	62,1
De 6 meses a < 1 ano	13,9	27,5	33,5	21,8	141,0
De 1 ano a menos de 2 anos	15,8	18,7	22,7	21,4	43,7
2 anos ou máis	15,9	22	22,9	4,1	44,0
Xa atopou traballo	16,8	9,9	15,6	57,6	-7,1

Fonte: EPA. INE.

O ser este forte incremento relativamente recente, os maiores aumentos aparecen entre os que levan menos tempo nesta situación, especialmente nos que levan entre 6 meses e un ano a procura de emprego, intervalo no que o aumento foi do 141%.

No que atinxe os datos de parados rexistrados no INEM, por un lado presentan un maior número de parados, ( feito que xa ven ocorrendo desde fai uns anos e que xa temos comentado), e por outro, a evolución ou tendencia é distinta; segundo os mesmos, ate agosto a desemprego veu descendendo, e no mes de agosto produciuse un incremento.

#### Numero de desempregados.

	2008			2009		
	Parados rexistrados	Parados Con prestacións	Taxa de cobertura	Parados rexistrados	parados con prestacións	Taxa de cobertura
Xaneiro	161.162	88.100	54,7	201.316	123.400	61,3

Febreiro	161.828	87.200	53,9	206.570	127.200	61,6
Marzo	160.180	87.000	54,3	211.484	127.000	60,1
Abril	159.749	88.000	55,1	210.662	129.700	61,6
Maio	156.779	87.900	56,1	207.518	127.400	61,4
Xuño	152.708	88.300	57,8	200.240	125.000	62,4
Xullo	149.318	89.500	59,9	192.859		
Agosto	152.437	93.300	61,2	195.241		
Setembro	156.834	94.500	60,3			
Outubro	168.423	101.600	60,3			
Novembro	180.820	109.300	60,4			
Decembro	189.903	116.500	61,3			

Fonte INEM.

Como adiantaba antes, o desemprego volta a aumentar no mes de agosto, aínda que este é un feito normal, xa que se corresponde cun mes de transición, o preocupante este ano é a evolución interanual, xa que o INEM ten contabilizados nas súas listas un 28% máis de parados que fai un ano. Temos que volver a principios dos noventa para atopar un dato de paro semellante en dito mes.

O que si esta tendo unha evolución positiva é a taxa de cobertura dos desempregados; o último dato, correspondente ó mes de xullo, mostra que o 62,4% dos parados dispoñen dalgún tipo cobertura de desemprego, fronte ó 57,8% de fai un ano. Por outro lado, algo lóxico tendo en conta que un número elevado dos mesmos son de recente incorporación as listas de desempregados, ( tal e como apuntábamos nos datos de paro estimado); o problema darase cando este grupo remate as prestación se a situación non remite.

Vigo, 11 de setembro de 2009

Natividad López Gromaz.